



DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma estranxeiro I: Francés

Materia	Idioma estranxeiro I: Francés			
Código	P02G110V01405			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Valcárcel Riveiro, Carlos			
Profesorado	Valcárcel Riveiro, Carlos			
Correo-e	carlos.valcarcel@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	O principal obxectivo desta materia é o de reforzar as competencias de nivel A1 do MECR en lingua francesa mediante unha metodoloxía por proxectos.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
A2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
A11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B4	Coñecemento de lingua estranxeira
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Resolución de problemas
B9	Traballo en equipo
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B14	Compromiso ético
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Creatividade
B19	Coñecemento doutras culturas e costumes

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
1. Comprender as ideas principais do discurso falado cando este é claro e normal e se tratan asuntos cotiáns dos ámbitos persoal e educativo.	B1 B3 B4 B7 B13

2. Comprender a idea principal de fimes e de programas de radio ou televisión que tratan temas actuais ou de interese persoal ou profesional, cando a articulación é relativamente lenta e clara.	B1 B3 B4 B6 B7
3. Comprender textos escritos redactados nunha lingua de uso habitual e cotián ou relacionada co traballo.	B1 B3 B4 B6 B7
4. Comprender a descrición de acontecementos, sentimentos e desexos en cartas persoais.	B1 B3 B4 B6 B7
5. Saber desenvolverse en case todas as situacións que se lle presentan cando viaxa a onde se fala esa lingua.	B3 B4 B6 B7 B12 B16 B19
6. Poder participar espontaneamente nunha conversa que trate temas cotiáns de interese persoal ou que sexan pertinentes para a vida diaria (por exemplo: familia, afeccións, traballo, viaxes e acontecementos actuais).	B3 B4 B6 B11
7. Poder tratar oralmente en francés, con fluidez e seguridade, temas de interese para alumnos de A1 educación infantil. A2	B3 B4 B6
8. Saber construír frases de forma sinxela co fin de describir experiencias e feitos, así como os seus soños, esperanzas e ambicións.	B1 B3 B4 B13 B17
9. Poder explicar e xustificar brevemente opinións e proxectos.	B1 B2 B3 B4 B6 B13 B17
10. Saber narrar unha historia ou relato, a trama dun libro ou filme, e poder describir reaccións.	B1 B3 B4 B13
11. Ser capaz de escribir textos sinxelos e ben estruturados sobre temas que son coñecidos ou de interese persoal. Poder escribir cartas persoais que describan experiencias e impresións.	B1 B2 B3 B4 B6 B11 B17
12. Desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma e de traballo cooperativo. Favorecer a análise e a observación dos propios procesos de aprendizaxe co fin de innovar e mellorar o labor docente e as prácticas de aula. A11	B1 B9 B15
13. Coñecer formas e medios para continuar e enriquecer a propia formación cultural e lingüística. A11	B4 B15 B19
14. Desenvolver certas actitudes afectivas desexábeis nun docente de lingua estranxeira como, por exemplo, solidariedade e cooperación cos demais, interese e tolerancia cara ao diferente, seguridade na propia competencia comunicativa, e unha visión da lingua estranxeira como medio de comunicación cultural e non simplemente como unha materia máis.	B4 B12 B14 B19

Contidos

Tema

1. Aspectos lingüísticos: léxico, gramática, semántica, corrección fonética, ortografía, ortoepía.	1. Os niveis de referencia A1 e A2
--	------------------------------------

2. Aspectos sociolingüísticos: os marcadores lingüísticos de relacións sociais, as normas de cortesía, as expresións de sabedoría popular, diferenzas de rexistro.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Presentarse aos demais / presentar os demais: aspecto físico, personalidade, contorno familiar e laboral. 2. Falar de si mesmo: expresar gustos e preferencias. 3. Organizar axendas e planificar actividades. 4. Combinar encontros e facer convites.
3. Aspectos discursivos: ordenar oracións en función da secuencia natural, relacións de causa e efecto (ou viceversa), e estruturación do discurso; ordenar o discurso en función de organización temática, coherencia e cohesión.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escribir cartas e correos electrónicos. 2. Ler e redactar pequenos anuncios. 3. Narrar un acontecemento. 4. Contar o argumento dun libro ou dun filme.
4. Estratexias verbais que se utilizan para impedir a incomunicación: solicitude de repetición, paráfrases, uso de palabras xerais, aproximación, aclaración, solicitude de axuda.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Facer e atender unha chamada telefónica. 2. Buscar ou explicar o camiño para ir a un lugar
5. Aspectos interculturais: a vida diaria, as relacións persoais, valores, crenzas e actitudes, linguaxe corporal, convencións sociais, comportamentos rituais.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Encher formularios. 2. Falar dos hábitos cotiáns: horarios, comidas e actividades. 3. Comprar e vender.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0,5	1,5
Proxectos	18	72	90
Resolución de problemas e/ou exercicios	56	0	56

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Sesión de 1 hora presencial co grupo A (toda a clase) no inicio do curso. Explicaranse os obxectivos e contidos da materia, así como a metodoloxía aplicada e o sistema de avaliación. Tamén se presentarán os recursos e ferramentas de aprendizaxe en liña.
Proxectos	Ao longo do curso, o profesor propondrá un mínimo de catro tarefas ou proxectos que deberá realizar cada alumno. As datas de realización das tarefas serán establecidas na clase, pero non se aconsella que se superen as dúas semanas para a súa realización. O profesor guiará o alumnado para a execución destas tarefas preferentemente nas horas co grupo B e através do grupo de traballo en liña.
Resolución de problemas e/ou exercicios	O profesor guiará o alumnado para a execución das tarefas propondo actividades comunicativas centradas, por un lado, na práctica da expresión e comprensión, e, por outro, no reforzo das competencias en fonética, léxico e gramática. Tamén se propondrán actividades de reforzo en internet.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proxectos	A atención personalizada realizarase de diferentes maneiras: 1. Durante o horario de titorías que o profesor detallará na sesión introductoria do curso. O alumnado deberá fixar unha cita co profesor dentro deste horario e a través do correo electrónico. Nestas titorías o alumnado poderá resolver dúbidas, facer suxestións e reforzar co profesor aspectos prácticos da materia. 2. A través do grupo de traballo en liña. 3. A través de videoconferencia ou do correo electrónico.
Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención personalizada realizarase de diferentes maneiras: 1. Durante o horario de titorías que o profesor detallará na sesión introductoria do curso. O alumnado deberá fixar unha cita co profesor dentro deste horario e a través do correo electrónico. Nestas titorías o alumnado poderá resolver dúbidas, facer suxestións e reforzar co profesor aspectos prácticos da materia. 2. A través do grupo de traballo en liña. 3. A través de videoconferencia ou do correo electrónico.

Avaliación

Descrición	Cualificación
------------	---------------

Proxectos	Ao longo do curso o alumnado deberá realizar unha serie de tarefas ou proxectos relacionados cos contidos de lingua francesa da materia. Cada proxecto será avaliado de xeito anónimo por un grupo do alumnado conformado aleatoriamente. A media das notas obtidas en cada proxecto constituirá o 50% da nota final da materia. Para poder ser avaliado na primeira convocatoria, o alumnado deberá realizar todas as tarefas propostas nos prazos fixados pola clase.	50
Resolución de problemas e/ou exercicios	Na data oficial do exame, fixada polo centro, o alumnado deberá realizar unha proba de avaliación das competencias de comprensión oral e escrita (cada unha delas contará un máximo de 2 puntos), así como de expresión escrita. Nas datas negociadas na clase, o alumnado deberá realizar outra proba de expresión oral. As probas de expresión avaliaranse, cada unha delas, de 0 a 3 puntos seguindo unha grella de avaliación cuxos criterios e baremo se fixarán na clase. A suma destas catro probas constituirá o 50% da nota final da materia. Para poder ser avaliado na primeira convocatoria, o alumnado deberá realizar as catro probas.	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para a segunda convocatoria e na data oficial fixada polo centro, o alumnado deberá realizar unha proba de avaliación das competencias de comprensión oral e escrita (cada unha delas contará un máximo de 2 puntos), así como de expresión escrita. Nese día, o alumnado deberá realizar tamén outra proba de expresión oral. As probas de expresión avaliaranse, cada unha delas, de 0 a 3 puntos seguindo unha grella de avaliación cuxos criterios e baremo se fixarán na clase. A suma destas catro probas constituirá o 100% da nota final da materia. Para poder ser avaliado en segunda convocatoria, o alumnado deberá realizar estas catro probas.

Ao longo do curso, o alumnado poderá recibir insignias que premiarán aptitudes e actitudes no seu proceso de aprendizaxe. Estas insignias traduciranse en bonificacións extra na cualificación final da materia.

Bibliografía. Fontes de información

PÁXINA WEB DA MATERIA

<https://sites.google.com/site/idiomaestranxeirofrances/>

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Augé H., Cañada D., Marlhens C. e Molinos L.. 2004. *C'est la vie 1. Livre de l'élève*. Madrid. Santillana.

Augé H., Cañada D., Marlhens C. e Molinos L.. 2004. *C'est la vie 1. Cahier d'exercices*. Madrid. Santillana.

Capucho F., Denyer M., Flumian C., Labascoule J., Lause C. e Royer C.. *Rond Point 1. Livre de l'élève*. Paris. Maison des langues.

Capucho F., Denyer M., Flumian C., Labascoule J., Lause C. e Royer C.. *Rond Point 1. Cahier d'exercices*. Paris. Maison des langues.

Capucho F., Denyer M., Flumian C., Labascoule J., Lause C. e Royer C.. *Rond Point 1. Cahier d'évaluations*. Paris. Maison des langues.

Denyer D., Garmendia A. e Lions-Olivieri M.L.. 2009. *Version Originale 1. Méthode de français. Livre de l'élève*. Paris. Maison des langues.

Denyer D., Garmendia A. e Lions-Olivieri M.L.. 2009. *Version Originale 2. Méthode de français. Livre de l'élève*. Paris. Maison des langues.

Gibbe, C. e Girardet, J.. 2008. *Écho 1. Méthode de français. Niveau A1. Fichier d'évaluation*. Paris. Clé Internationale.

Girardet, J.. 2008. *Écho 1. Méthode de français. Niveau A1, A2. Élève*. Paris. Clé Internationale.

Godard E., Liria Ph. e Sigé J.-P.. 2009. *Les clés du nouveau DELF A2*. Paris. Maison des langues.

Liria, Ph. 2009. *Les cahiers de grammaire. Niveau découverte A1*. Paris. Maison des langues.

Liria, Ph. 2009. *Les cahiers de grammaire. Niveau découverte A1. Corrigés*. Paris. Maison des langues.

Liria, Ph. e Sigé, J.-P.. 2009. *Les clés du nouveau DELF A1*. Paris. Maison des langues.

Magne, M. e e Lions-Olivieri, M.L.. 2010. *Version Originale 1. Méthode de français. Cahier d'exercices*. Paris. Maison des langues.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación: Lingua española/P02G110V01101

Comunicación: Lingua galega/P02G110V01201

Outros comentarios

Nesta materia consolidaranse competencias dos niveis A1 e A2 do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas. Aínda que se traballarán as competencias destes niveis iniciais, non se partirá dun coñecemento cero da lingua francesa. Recoméndase que o alumnado matriculado teña estudado, ao menos, dous anos de lingua francesa en ESO e/ou Bacharelato.

Aconséllase que, tras cursar esta materia, o alumnado continúe adquirindo máis competencias en lingua francesa na Escola Oficial de Idiomas.

O profesor pediralle ao alumnado que dispoña dun perfil en Google (gmail), en Facebook e en Edmodo.
